

CUESTIONARIO PROUST

Natalia- **Un olor.**

Rosalía: Moitos, mociña, moitos Pero dun único paraíso: a aldea. A leña acabada de cortar e queimada na lareira, a inverno, o doce recendo das flores na primavera, a bosta estrada nas cortes e nas leiras,

Pedro- **Un lugar.**

Rosalía- Galicia. Sempre. Como no poema que eu escribín Adiós ríos, adiós fontes, “miña terra, miña terra/ terriña onde eu me criei,/ hortiña que quero tanto,/ figueiriña que eu prantei”. Nunca se esquece onde un nace; lévase a terra ata que un morre ... E ata o Alén! Ai, cando pasei tempadas vivindo fóra da miña terra, polo traballo de Manolo, sufrín un mundo.

Juan- **Unha crítica da sociedade actual.**

Rosalía: A violencia de xénero. Eu xa critiquei os abusos cara ás mulleres nun poema titulado “A xustiza pola man”, denunciando unha agresión sexual e crítica ao desamparo da vítima. Sempre reivindicuei o papel das mulleres nun momento moi complicado.

Ignacio- **Unha comida.**

Rosalía- Onde estea un bo cocido, que se quite o demais. O aroma que deixa o touciño, os chourizos, a costela, a cachucha, as pataquiñas cos grelos, Iso é gloria bendita! Pero tamén me vale un simple caldiño cun cacho de unto.

Raquel- **Unha cor.**

Rosalía: A negra. Esa cor sempre me acompañou dende que nacín. Identifícome con ela porque representa as tristes circunstancias do meu nacemento, loito, negatividade, infelicidade, rebelión e morte.

Nicolás- **Un desexo.**

Rosalía- Que o Galego se normalice de verdade. Non a deixeses morrer, mociñas e mociños. Porque é a nosa lingua, o tesouro máis valioso que nos deixaron os nosos devanceiros. Oxalá a faledes sempre con fachenda!

Keila M^a- **Unha canción.**

Rosalía- Pois, mira. Aínda que estou noutra dimensión, vemos dende aquí todo o que está a acontecer na actualidade. E precisamente escoitei hai pouco unha cantiga dunha dunha moza que (por certo, chámase coma min) se titula La perla. Pois, préstame esa cantiga desta nova Rosalía, porque critica un home que non a soubo amar e a decepción que levou. Antes as mulleres viviamos as infidelidades en silencio, estaba case normalizado o “tes que aturalo, non che queda outra”. E ela di alto e claro, coma sempre me gustou falar a min, que a decepción é o maior desastre mundial.

Iago- **Un recordo.**

Rosalía- Cando, con 15 anos, fun vivir coa miña nai a Santiago de Compostela. É coma se sempre estivésemos xuntas, como se me arrulase dende o berce. Por primeira vez estando con ela sentínme feliz e amada.

A Coruña, 23 do mes da Candeloria de 2026.

Redactoras e redactores:

Natalia Coman, Pedro Estévez de Carrillo. Juan Giráldez Dafonte, Ignacio Gómez Garrapucho, Raquel Gómez Pérez, Nicolás Lobo Ameijeiras, Keila M^a de la Paz Cervantes, Iago Vaamonde Ces.

NOTA ACLARATORIA

Nestes dous traballos (entrevista e Cuestionario Proust) as preguntas e mais as respostas deste alumnado de 3º ESO E son produto do seu traballo de investigación e pescuda de información, procurada en Internet, ademais do estudo da súa vida e poemas fundamentais, vistos na materia de Lingua Galega e Literatura, dentro do Ámbito Social e Lingüístico.

Non se empregaron para as súas elaboracións outras ferramentas, como puidese ser a IA.

Teresa Pastor Novo.
Profesora de Lingua Galega e Literatura.
Coordinadora do EDL.